



camiño
escena
norte

camín
escena
norte

camino
escena
norte

ipar
eszena
bidea

A sétima edición de Camiño Escena Norte presenta unha decena de espectáculos de teatro, danza e circo en dez localidades de Galicia

O proxecto de intercambio cultural a traves das artes escénicas celebrarase
simultaneamente do 12 de setembro ao 26 de outubro en Galicia, Asturias,
Cantabria, Euskadi, Navarra e A Rioxa

Arzúa, Carballo, Foz, Negreira, Lugo, Outes, Ribadeo, Santiago de Compostela,
Vilalba e Vimianzo acollerán as 10 funcións de teatro, circo e danza
que presentarán as compañías La Roca Producciones e Zigzag Danza (Asturias),
El Tejo Producciones (Cantabria), NiMú (Euskadi), Led Silhouette (Navarra)
e El Perro Azul (A Rioxa)

Santiago de Compostela, a 5 de setembro de 2025.- A sétima edición do proxecto de intercambio cultural Camiño Escena Norte achegará **dez espectáculos de danza, teatro e circo** a outras tantas localidades de Galicia. A programación, que decorrerá do 12 de setembro ao 26 de outubro e que conta co apoio da Xunta de Galicia a través da Axencia Galega das Industrias Culturais (Agadic), presentará pezas para públicos de todas as idades de compañías orixinarias de Asturias, Cantabria, Euskadi, Navarra e A Rioxa, territorio que se incorpora á iniciativa neste 2025.

A programación, dada a coñecer esta mañá na Praza do Obradoiro, presentará un total de dez funcións en **Arzúa, Carballo, Foz, Lugo, Outes, Ribadeo, Santiago de Compostela, Vilalba, Vimianzo e Negreira**, que se estrea como sede do programa. Baixo o lema *Sementar, coidar, xermolar*, a sétima edición de CEN achegará até distintos escenarios e públicos os traballos de compañías que forman parte deste programa de intercambio, no que Galicia tamén exportará o seu talento aos demais territorios a través de **Pérez & Fernández, Grupo Chévere e Paula Quintas Cía.**, quen representou esta mañá un anaco do seu *Multiperspectivas#3*.

Así, Camiño Escena Norte levará un total de 18 espectáculos polas 60 sedes que formarán parte do seu itinerario de exhibición, nomeado *Constelacións*. Trátase dunha **programación itinerante de artes escénicas de corte xeralista** na que prevalece a diversidade de linguaxes, estéticas e formatos, tanto para público infantil e adolescente coma adulto; producións de teatro de texto, novo circo, danza e artes do movemento, creación contemporánea, espectáculos didácticos e experiencias *site-specific*. No caso de Galicia, os seus escenarios contarán coa visita de seis compañías: **La Roca Producciones e Zigzag Danza** (Asturias), **El Tejo Producciones** (Cantabria), **NiMú** (Euskadi), **Led Silhouette** (Navarra) e **El Perro Azul** (A Rioxa).

PROMOVE / PROMUEVE / SUSTATZAILEAK:



www.escenanorte.com





camiño
escena
norte

camín
escena
norte

camino
escena
norte

ipar
eszena
bidea

Este Itinerario Constelacións comezará, como é habitual, na cidade de **Santiago de Compostela**. A primeira cita será o **venres 12 de setembro na Praza da Quintana** e chegará da man de *Pausa*, unha proposta circense para todos os públicos da compañía vasca NiMú, e que se volverá representar o 26 de setembro en **Carballo**, no marco do FIOT; festival co cal CEN desenvolve unha estreita colaboración desde hai anos a través do proxecto Vieiros (para a promoción de eventos escénicos fóra do seu territorio).

A partir do vindeiro día 12, as compañías xirarán polas provincias da Coruña e Lugo. É así como a riojana El perro azul visitará **Foz e Negreira** -nova sede deste ano- co seu *Globe Story* (teatro para todos os públicos), a cántabra El Tejo Producciones presentará *El jardín de las posibilidades* en **Vimianzo** (público adulto), os navarros Led Silhouette bailarán *Halley* en **Lugo** ou mesmo a asturiana Zig Zag Danza dará a coñecer *Postales Rotas* en **Ribadeo**. De Asturias tamén chega *Zozobra*, unha coprodución teatral de La Roca Producciones e Acar Teatro del Mundo, dirixida a público adolescente e adulto, que se poderá ver en **Arzúa, Vilalba e Outes**.

CAMIÑO EXPANDIDO

Xunto ao Itinerario Constelacións convive o programa **Camiño Expandido**, que abrangue toda a actividade fóra do circuito de funcións. Unha das novidades deste ano é **FOCOS**, que se estrea en Cantabria, e que conterá un coidado programa de actividades, desde accións de promoción do sector escénico cántabro até o **Encontro Habitación Peregrina PRO** -o encontro profesional que se desenvolveu en Lugo desde 2020 e que, desde este 2025, pasa a ser itinerante-, que terá lugar no Palacio de Festivais de Cantabria do 16 ao 18 de setembro.

Na sétima edición percórrense tamén máis **Vieiros**, a iniciativa enmarcada no Camiño Expandido e que une ao CEN con distintos proxectos culturais dos territorios co obxectivo de dar forza e contexto ao programa, ademais de proxectar fóra da comunidade os proxectos locais. Nesta ocasión, traballárase co Festival Internacional Outono de Teatro de Carballo (FIOT); Rincones y Recovecos e Danza Xixón (Asturias); o programa Movimiento en Red Cantabria; Bideart Zigoitia (Euskadi), e Festival Mute e o Festival Iberoamericano de Teatro da Rioxa (FITLO), ambos na Rioxa.

No 2025 mantéñense actividades como **talleres, coloquios e encontros co público**. A iniciativa **Mirando as constelacións** -mapeo das sedes nas que haberá actividade de CEN- e o **Catálogo de Espectáculos Recomendados Camiño Escena Norte** -selección de 36 producións (seis por comunidade) que serve de promoción e apoio para a distribución fóra do ámbito do proxecto- redondean a oferta de CEN en 2025.

PROMOVE / PROMUEVE / SUSTATZAILEAK:



www.escenanorte.com





camiño
escena
norte

camín
escena
norte

camino
escena
norte

ipar
eszena
bidea

CAMIÑO ESCENA NORTE

Camiño Escena Norte nace no 2019 co obxectivo de **promover o intercambio cultural a través das artes escénicas**, tomando como fío condutor os roteiros históricos do Camiño de Santiago do norte da Península Ibérica. Ao longo destes sete anos, Camiño Escena Norte levou o teatro, a danza e artes do movemento e o novo circo a escenarios afastados dos circuitos habituais en Galicia, Asturias, Cantabria, Euskadi e Navarra. Desde este 2025, tamén chegará a un novo territorio: A Rioxa.

CEN é unha iniciativa promovida polas asociacións profesionais de produtoras de artes escénicas ESCENA GALEGA (Galicia), ESCENASTURIAS (Asturias), ACEPAE (Cantabria), ESKENA (Euskadi), ESNA (Navarra) e AESCENA (A Rioxa). Todas elas, unidas, conforman a supraentidade Camiño Escena Norte Agrupación de Interese Económico, creada especificamente para o desenvolvemento, xestión e produción do proxecto.

CEN conta co apoio económico de gobernos e institucións das seis comunidades implicadas: Xunta de Galicia, a través da Axencia Galega das Industrias Culturais (Agadic); Goberno do Principado de Asturias; Goberno de Cantabria; Goberno Vasco; Deputación Foral de Araba, Deputación Foral de Bizkaia; Deputación Foral de Gipuzkoa; Goberno de Navarra, Gobierno de La Rioja e Ministerio de Cultura. Colabora tamén a Deputación Provincial de Lugo e Vegalsa-Eroski mantense como patrocinador oficial; nun ano no que se incorpora Deleite. Ademais, CEN onta nesta edición coa colaboración especial da Asociación Te Veo de Artes Escénicas para la Infancia y la Juventud.

PROGRAMACIÓN CAMIÑO ESCENA NORTE EN GALICIA 2025

12.09, ás 19.00h | Santiago de Compostela

Praza da Quintana (en caso de choiva, Casa das Máquinas)

Pausa, de niMú (Euskadi)

Circo. Todos os públicos. Entrada libre ata completar capacidade.

13.09, ás 20.00h | Foz

Praza Conde de Fontao (en caso de choiva, Sala Bahía)

Globe Story, de El perro azul (A Rioxa)

Teatro. Todos os públicos. Entrada libre ata completar capacidade.

19.09, ás 20.00h | Arzúa

Xardín Casa de Correos (en caso de choiva, Capela da Madanela)

Zozobra, de La Roca Producciones – Acar Teatro del Mundo (Asturias)

Teatro. Público adulto e adolescente. Entrada libre ata completar capacidade.

PROMOVE / PROMUEVE / SUSTATZAILEAK:



www.escenanorte.com





camión
escena
norte

camín
escena
norte

camino
escena
norte

ipar
eszena
bidea

21.09, ás 20.00h | Vilalba

Auditorio Municipal Carmen Estevez

Zozobra, de La Roca Producciones – Acar Teatro del Mundo (Asturias)

Teatro. Público adulto e adolescente. Entrada libre ata completar capacidade.

26.09, ás 18.00h | Carballo

Praza Cruz Vermella (en caso de choiva, Mercado Municipal)

Pausa, de niMú (Euskadi) - Actuación enmarcada no programa VIEIROS

Circo. Todos os públicos. Venda de entradas na web do FIOT www.fiot.gal (5€)

02.10, ás 20.00h | Lugo

Auditorio Municipal Gustavo Freire

Halley, de Led Silhouette (Navarra)

Danza. Todos os públicos. Venda de entradas: www.entradaslugo.es

17.10, 20.30h | Negreira

Auditorio Municipal Afonso Eanes de Cotón

Globe Story, de El perro azul (A Ríoxa)

Teatro. Todos os públicos. Venda de entradas: www.woutick.es (3€)

19.10, ás 20.00h | Outes

Auditorio Casa da Cultura

Zozobra, de La Roca Producciones – Acar Teatro del Mundo (Asturias)

Teatro. Público adulto e adolescente. Venda de entradas: www.bandoticket.com (5€ *)

*Bono para todas as actividades do trimestre a prezo reducido (30% sobre o total)

25.10, ás 20.30h | Vimianzo

Auditorio Municipal.

El jardín de las posibilidades, de El Tejo Producciones (Cantabria)

Teatro. Público adulto. Venda de entradas en www.woutick.es (5€ / reducido: 2,5€)

26.10, 20.00h | Ribadeo

Auditorio Municipal Hernán Naval

Postales rotas, de Zig Zag Danza (Asturias)

Danza. Todos os públicos. Venda de entradas: desde 30 minutos antes da función na billeteira do auditorio (3€)

Kit de prensa CEN Galicia

Fotos, teasers, spot, cartel e catálogo <https://cutt.ly/CEN2025Galicia>

Contacto de prensa CEN Galicia

Lucía Pita. 675 404 321 lucia.pita@theofficeco.es

PROMOVE / PROMUEVE / SUSTATZAILEAK:



www.escenanorte.com

